

VIERNES, 23 de enero de 2009

LUCES

O Salón do Libro Infantil de Pontevedra evocará o amor

O certame dedicarase a Portugal, entre o 1 e o 15 de febreiro

LARA VARELA | 23 ENE 2009

Archivado en: [Jornadas literarias](#) [Literatura juvenil](#) [Pontevedra](#) [Certámenes literarios](#) [Literatura infantil](#) [Provincia Pontevedra](#) [Literatura](#) [Galicia](#) [España](#)
[Cultura](#)

Levounos polo fondo do mar, e tamén nos colleu da man para afrontar os monstros que metían medo. Porén, a décima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil vai namorar. Aínda en plena montaxe, o Pazo da Cultura de Pontevedra vaise vestindo de amor coa complicidade de Teatro QuartoEscuro, os alumnos de Belas Artes e a escola de tempo libre Paspallás.

Onte foi presentado por Lola Dopico, concelleira de Cultura, acompañada por Helena Torres, coordinadora do evento, María Xesús López Escudeiro, delegada da Consellería de Cultura e Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural. Presencia, a de López e Bará, resaltada por Dopico, xa que foron algúns dos que "puxeron en pé" a iniciativa que permanecerá aberta desde o 1 de febreiro ao 15. Trátase dun evento "cunha fonda raizame social e cultural" na cidade, sinalou Dopico. "Despois de todo, o Salón é un proxecto vencellado ao amor pola cultura, polos libros e a lingua".

O monográfico habitual estará centrado na banda deseñada

Portugal será este ano o país invitado, e a súa presenza tomará corpo nunha ampla mostra dos grandes ilustradores do país veciño, como Bernardo Carvalho. O habitual monográfico recae na banda deseñada, que conta coa presenza de Max ou Pasqual Ferry para impartir clases maxistras. E haberá múltiples obradoiros para nenos e adultos, abertos ata o día 14. Será o 15 cando chegue o momento de clausurar este escaparate literario "cun peche de ouro". A presenza de Fina Casalderrey, homenaxeada "por moitas razóns", constitúe o recoñecemento a unha muller adicada a divulgar a lectura entre os nenos.

Para Luís Bará, o Salón do Libro é "reflexo do bo momento que está a vivir a literatura infantil galega", referente a nivel estatal. "Este segmento da escrita recibe galardóns internacionais que dan lugar a grandes proxectos". Galicia e a súa literatura "traballa para brillar con luz propia". A introdución ao mundo dos novos soportes da comunicación, o concerto de Milladoiro centrado n'A quinta das lágrimas, teatro, charlas, mesas redondas e exposicións e outras sorpresas serán "un achádego para cada un dos públicos posibles", concluíu Dopico.